

XIII Concurso de Relatos
“Érase unha vez alguén que facía...”
Museo Liste - Etnográfico de Vigo

2025



Bases

1. **Aspectos xerais:** XIII Concurso de Relatos do Museo Liste de Vigo convocado co gallo da celebración do Día das Letras Galegas (17 de maio).
2. **Temática:** “Érase unha vez alguén que facía...”.
Con este lema convidámosvos a que vos mergulledes no máxico mundo da habelencia artesá. A capacidade de crear obxectos que dotan á sociedade de todo o que precisa, converterá case en magos aos artesáns e artesás que protagonicen os vosos relatos. A través da súa figura, poderedes elixir recrear esa parte da historia que recupera o cotiá ou, ben, botar a voar a vosa imaxinación coas creacións e invencións máis imaxinativas dos vosos inventores-artesáns.
3. **Idioma:** galego.
4. **Participantes:** nenas e nenos de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria.
5. **Categorías:** establécense 5 categorías:
 - Categoría A: nenas e nenos de 1º e 2º de Educación Primaria.
 - Categoría B: nenas e nenos de 3º e 4º de Educación Primaria.
 - Categoría C: nenas e nenos de 5º e 6º de Educación Primaria.
 - Categoría D: nenas e nenos de 1º e 2º de E.S.O.
 - Categoría E: nenas e nenos de 3º e 4º de E.S.O.
6. **Formato e modo de presentación:** os traballos presentados ao concurso terán unha presentación e extensión libres, manuscritos ou a ordenador. Serán presentados ben na sede do Museo Liste, na rúa Pastora nº 22; enviados por

correo ordinario á dita dirección; ou enviados a través de enderezo de correo electrónico: didactica@museoliste.org dende a cal se confirmará recepción.

7. **Prazo de recepción dos traballos:** aberto dende o 1 de febreiro ata o 21 de abril de 2025.
8. **Selección de obras, xurado e fallo:** o xurado encargado de seleccionar as obras gañadoras estará formado por varios membros: unha psicóloga, unha educadora social, unha mestra de primaria, un profesor de secundaria e persoal do Museo Liste. **O fallo do xurado será comunicado aos gañadores vía telefónica e publicado no blog do museo (<https://museoliste.org/blog/>) e en prensa a partir do 7 de maio de 2025.**
9. **Premios:** establécense 5 premios, un premio por cada categoría, consistentes en lotes de libros, medallas e diplomas acreditativos. **A entrega de premios realizarase o día 17 de maio, “Día das Letras Galegas”, a partir das 12:30 h. na sede do Museo.**
10. **Outros:** en todo aquilo non previsto nesta bases a Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo resolverá o que proceda.
11. **Información:** a través do teléfono 986244698 ou a través do enderezo didactica@museoliste.org.